

O AMIANTO É MORTAL (II):

- Traballo con exposición
- Valores límite
- Medidas e actividades para a redución e o control dos riscos

AUTORA: Lucía Ferrón Vidán

Técnica superior en Prevención de Riscos Laborais e doutora en Bioloxía

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Nesta segunda Folla de Prevención dedicada ao amianto, que debe ser considerada xuntamente coa primeira, listáanse aqueles traballos nos que é especialmente previsible que poida haber exposición ás fibras do amianto,

recóllense os valores límite de exposición e descríbense as principais medidas e actividades preventivas que se deben adoptar, tanto antes do seu comezo como durante a realización e ao remataren os traballos.

TRABALLOS NOS QUE PODE HABER EXPOSICIÓN AO AMIANTO

O Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de

exposición ao amianto, recolle aqueles **traballos nos que especialmente** pode haber exposición ás fibras do amianto no seu artigo 3.1:

- Traballo de demolición de construcións onde exista amianto ou materiais que o conteñan
- Traballo de desmantelamento de elementos, maquinaria ou útiles onde exista amianto ou materiais que o conteñan.
- Traballo e operacións destinadas á retirada de amianto, ou de materiais que o conteñan, de equipamentos, unidades (tales como barcos, vehículos, trens), instalacións, estruturas ou edificios.
- Traballo de mantemento e reparación dos materiais con amianto existentes en equipamentos, unidades (tales como barcos, vehículos, trens), instalacións, estruturas ou edificios.
- Traballo de mantemento e reparación que impliquen risco de desprendemento de fibras de amianto pola existencia e proximidade de materiais de amianto.
- Transporte, tratamento e destrución de residuos que conteñan amianto.
- Vertedoiros autorizados para residuos de amianto.
- Todas aquelas outras actividades ou operacións en que se manipulen materiais que conteñan amianto, sempre que exista risco de liberación de fibras de amianto ao ambiente de traballo.

Esta listaxe de traballos, con ser bastante completa e detallada, non é pechada. O amianto pode aparecer a maiores en

traballos de natureza diferente que ás veces xa están encadrados na actividade principal da empresa e, noutras ocasións,

xorden de maneira indirecta ou circunstancial en diferentes actividades e tipos de empresas.



Imaxes cortesía de IGR Investigación y Gestión de Residuos S. A.

LÍMITES DE EXPOSICIÓN (Artigo 4 do RD 396/2006)

Os empresarios deberán asegurarse de que ningún traballador estea exposto a unha concentración de amianto no aire superior ao valor límite ambiental de exposición diaria (VLA-ED) de **0,1 fibras por centímetro cúbico** medidas como unha media ponderada no tempo para un período de oito horas. O límite é aplicable a todas as variedades de amianto.

En **operacións de curta duración** tamén serán de aplicación os límites de desviación considerados no documento "Límites

de exposición profesional para axentes químicos en España", que anualmente publica o Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo (INSHT)

A aplicación dos citados límites implica que non se poderá superar unha concentración **de 0,5 f/cm³ en ningún momento** e non se poderá superar unha concentración **de 0,3 f/cm³ durante máis de media hora** en toda a xornada.

Débase ter en conta que os valores límite son valores de refe-

rencia que non constitúen unha barreira definida entre unha situación segura e unha situación perigosa e que, en especial no caso do amianto, non se debe considerar como un valor que garanta a protección da saúde, xa que non se puido determinar o valor por debaixo do cal a exposición ao amianto non entraña risco ningún de cancro. A actuación polo tanto sempre debe ir dirixida a eliminar ou ben reducir a exposición ao nivel tan baixo como sexa tecnicamente posible.

ANTES DE COMEZAR OS TRABALLOS

En determinadas situacións haberá que decidir qué facer cos materiais que conteñen amianto:

Amianto instalado en edificios:

- **Localizar e identificar estes materiais:** pode ser necesaria a toma de mostras para confirmar ou descartar a súa presenza. Hai que valorar en cada situación a posibilidade de asumir que o amianto está presente antes de realizar tomas de mostra que provoquen exposicións innecesarias.
- **Avaliar o estado dos materiais e facer un diagnóstico da situación:** deterioro, localización, facilidade de acceso...
- **Decidir entre dúas posibilidades:**
 - deixar os materiais con amianto *in situ*: neste caso deberán permanecer convenientemente asegurados (se é necesario

selándooos ou illándooos) e sometidos a control periódico.

- retirarlos.

Amianto nas obras de demolición:

Aínda que a maioría das veces se eliminan os materiais con amianto antes de aplicar as técnicas de demolición, en determinadas situacións a dita eliminación pode causar aínda un risco maior aos traballadores (isto pode ocorrer por exemplo en edificios con danos importantes na súa estrutura) e polo tanto a decisión pode ser deixar estes materiais *in situ*.

AVALIAR O RISCO:

Débase facer para calquera traballo no que estean implicados materiais que conteñan amianto. Esta avaliación previa será a que permita concretar as medidas preventivas e deseñar os procedementos

de traballo que se van empregar. Debe ter en conta o risco de exposición ao amianto dos traballadores e de terceiras persoas que se atopen nas proximidades (por exemplo, os ocupantes) e poidan verse afectadas. Pode basearse en medicións realizadas para traballos similares ou previos realizadas pola propia empresa ou por fontes externas fiables. Se non se dispón de datos que poidan orientar deberase supoñer que se vai superar o VLA de 0,1 fibras/cm³ e mantelo ata que se dispoña de datos de medicións que xustifiquen o contrario.

As avaliacións de riscos deberán ser efectuadas por **persoal cualificado** para o desempeño de funcións de nivel **superior** e especialización en **Hixiene Industrial**, conforme o establecido no capítulo VI do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Esta avaliación previa será a base para decidir se se trata de traballos de baixo risco (dos que se falou na anterior folla de prevención), que non precisan que a empresa estea inscrita no RERA.

Nas obras de **demolición ou de mantemento** hai que recompilar toda a información necesaria para identificar todos os materiais que poidan conter amianto. Esta identificación reflectirase no estudo de seguridade e saúde ou no estudo básico de seguridade e saúde e, nas obras que regulamentariamente non requiran este tipo de estudos, na avaliación de riscos.

ELABORAR UN PLAN DE TRABAJO

Os diferentes tipos de plans e a súa tramitación xa foron tratados na anterior folla de prevención. En canto ao contido deberá especificar **todos aqueles puntos que se recollen no apartado 2 do artigo 11 do RD396/2006** http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2006/05/01/pdfs/A00781-00795.pdf

No caso de traballos que non precisan a inscrición no RERA, non é necesario que a autoridade laboral aprobe un plan de traballo, pero si se deben elaborar unhas instrucións por escrito para cada traballo concreto que inclúan o procedemento práctico que se vai seguir no seu desenvolvemento.

FORMAR OS TRABALLADORES

O **artigo 13.2 do RD 396/2006** recolle os **contidos mínimos** que debe contemplar a formación dos traballadores. Cómpre ademais ter en conta que:

debe incluír os traballadores que estean ou ben que incidentalmente poidan estar expostos a po

de amianto. Calquera traballador debe saber exactamente como actuar no caso de que se atope con materiais que conteñen amianto.

deberá ser teórica e práctica e estar centrada no posto de traballo concreto e no traballo concreto a realizar.

se debe repetir periodicamente e sempre que se produzan cambios no procedemento ou no tipo de traballo.

hai que manter un rexistro da formación de cada traballador.

é importante que o persoal que a imparta posúa coñecementos e experiencia suficiente sobre o amianto.

se recomenda que se fagan probas individuais de avaliación os traballadores para asegurar a adquisición dos coñecementos.

INFORMAR OS TRABALLADORES

O RD 396/2006 esixe que os traballadores e os seus representantes reciban información detallada e suficiente sobre:

os riscos para a saúde debidos a unha exposición ao po procedente do amianto ou de materiais que o conteñan;

a existencia de valores límite regulamentarios e a necesidade de vivir o amianto que se atopa en suspensión no aire;

as prescricións relativas ás medidas de hixiene, incluída a necesidade de non fumar;

as precaucións que se han de tomar respecto á utilización e emprego de equipos e traxes de protección;

as precaucións especiais destinadas a reducir ao mínimo a exposición ao amianto.

O empresario debe garantir que todos e cada un dos traballadores reciba esta información na forma adecuada segundo a complexidade, volume e frecuencia de utilización e dun xeito comprensible. Esta información pódese complementar con carteis e/ou folletos informativos no lugar de traballo.

VIXILANCIA DA SAÚDE

De non ser que a avaliación previa permita concluír que se van realizar traballos de baixo risco para os que non é necesario que a empresa estea inscrita

no RERA, o empresario deberá obrigatoriamente garantir a vixilancia da saúde adecuada e específica en relación cos riscos por exposición ao amianto. Esta vixilancia implica necesariamente un recoñecemento previo, co obxecto de determinar a aptitude específica para os traballos con risco por amianto dende o punto de vista médico-laboral, e recoñecementos periódicos; todo isto consonte o protocolo específico establecido polo Ministerio de Sanidade e Consumo. Este protocolo pódese descargar da

páxina web no Ministerio de Sanidade e Consumo. <http://www.msc.es/ciudadanos/saludAmbLaboral/saludLaboral/vigiTrabajadores/home.htm>

Neste caso, en contra da norma xeral de voluntariedade (art. 22 Lei 31/1995, do 8 de novembro), a vixilancia sanitaria ten carácter obrigatorio tamén para o traballador por tratárense de postos de traballo con risco de enfermidade profesional (art. 196 RD lexislativo 1/1994, do 20 de xuño).

MEDIDAS PREVENTIVAS NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

MEDIDAS TÉCNICAS XERAIS DE PREVENCIÓN:

É unha obriga legal para o empresario:

- Diseñar os procedementos de traballo de maneira que ben non se produzan fibras de amianto ou ben, se non é posible, que non sexan liberadas ao aire,
- Manter calquera material que desprenda fibras de amianto ou que conteña amianto que teña que ser almacenado ou transportado, en embalaxes pechados apropiados e con etiquetas que indiquen que contén amianto.
- Asegurarse de que os locais e quipos se poden limpar e manter eficazmente e con regularidade.
- Agrupar os residuos que se xeren e transportalos fóra do lugar de traballo o máis axiña posible, en embalaxes pechados e que indiquen que conteñen amianto e logo tratalos consonte indica a lexislación vixente en materia de residuos perigosos.

para cumprir con estas obrigas van depender do tipo de operación que se vaia levar a cabo (demolición, desamiantado, reparación..) e por suposto da friabilidade do material.

Aínda que se debe **concretar o procedemento que se vai seguir para cada tarefa**, pódense enumerar os seguintes **principios xerais** para calquera traballo:

- Confinar ou protexer o espazo lindante.

- Utilizar as técnicas apropiadas para controlar a liberación de fibras (por exemplo, humectación, desmontaxe en húmido, ventilación por aspiración localizada, etc.);
- Evitar danar os materiais que conteñan amianto (por exemplo, retirando e desbotando estes materiais como pezas enteiras, ou retirando e empaquetando placas enteiras);
- Evitar utilizar ferramentas mecánicas ou elementos que utilicen aire comprimido. Sempre se preferirán as ferramentas manuais.
- Facer unha limpeza en profundidade de locais e equipos coa periodicidade adecuada.
- Utilizar aspiradores aptos para amianto (clase H) e aplicar exclusivamente métodos de limpeza que eviten a formación de po, como trapos húmidos, panos pegañentos (aos que se adhira o po).
- Non varrer nunca nin utilizar equipos de aire comprimido para limpar.



Etiqueta que identifica produtos ou envases con amianto segundo o RD 1406/1989

Na práctica as medidas técnicas que se deberán tomar

- Encher só parcialmente as bolsas de residuos para que se poidan pechar con facilidade. Non expulsar nunca o aire das bolsas: pechalas e etiquetalas e logo introduci-

las noutra bolsa de plástico forte.

- Os obxectos máis voluminosos a desbotar deixalos intactos, cubrilos con dúas capas de

polietileno e etiquetalos nun lugar visible.

- Ter un lugar seguro para o almacenamento de residuos (por exemplo un contedor hermético).

MEDIDAS ORGANIZATIVAS E DE HIXIENE PERSOAL E PROTECCIÓN (Constitúen obriga legal para o empresario)

- Reducir ao mínimo posible o número de traballadores expostos.
- Se o traballo esixe sobreesforzo físico, posturas forzadas, ou se desenvolve en ambientes calorosos que determinan unha variación do aire inspirado, non se poderán realizar horas extraordinarias nin tampouco traballar por sistema de incentivos. Non poden participar traballadores de empresas de traballo temporal en operacións e actividades que impliquen o risco de exposición a fibras de amianto.
- De se superar o VLA deberánse identificar as causas de que isto suceda e tomar canto antes as medidas adecuadas para remediar a situación.

- Delimitar e sinalizar claramente a área de traballo para establecer un acceso restrinxido á zona.

- Débese **prohibir expresamente:**

- comer e fumar no lugar de traballo.
- levar a roupa de traballo ao domicilio para lavalas (o empresario é o responsable do seu lavado/descontaminación)

- O centro de traballo debe posuír:

- **Instalacións sanitarias apropiadas:** instálase unha unidade de descontaminación cuxa complexidade será acor-

de co nivel de exposición esperado. É o primeiro elemento que se instala na obra e o último que se desmonta.

- Un lugar adecuado para almacenar os EPIS e comprobar o seu estado de conservación e funcionamento.

- Un lugar adecuado para evitar que a roupa de traballo se mesture con roupa non contaminada.

- Establecerase un tempo de aseo persoal de 10 min antes da comida e outros 10 min antes de abandonar o centro de traballo.

MEDICIÓNS PARA O CONTROL DO AMBIENTE DE TRABALLO E A EXPOSICIÓN LABORAL

A **avaliación de riscos debe incluír sempre a medición da concentración de fibras de amianto no aire** no lugar de traballo e a súa comparación co VLA legalmente establecido. De se superar este VLA habería que modificar as condicións de traballo e realizar unha nova avaliación logo de se adoptar as medidas correctoras pertinentes. En función dos resultados da avaliación poderá ser necesario programar medicións periódicas.

O procedemento para a toma de mostras e a súa análise posterior debe cingirse ao especificado no Anexo I do RD 396/2006.

Agás aqueles traballos que non precisen a inscrición no RERA, en todos os demais o empresario debe cubrir o modelo de fichas para o rexistro de datos de avaliación da exposición (anexo IV do RD 396/2006), enviárllelas á autoridade laboral cando rematen os traballos e manter un rexistro delas. Nestas fichas reflícten-

se os resultados das mostraxes persoais efectuadas a cada traballador. http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2006/05/01/pdfs/A00781-00795.pdf

A análise (reconto de fibras) de amianto será realizada por laboratorios especializados, con idoneidade recoñecida pola autoridade laboral da comunidade autónoma onde estea situado o laboratorio e seguindo o procedemento que se indica no anexo II do RD 396/2006.



EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIS):

Protección de vías respiratorias:

É obrigatorio utilizar EPIS para as vías respiratorias sempre que a pesar das medidas de protección tomadas se sospeite que se pode superar o valor límite. O empresario ten a obriga legal de subministrar estes equipos a calquera traballador que o solicite expresamente. **Sempre é recomendable utilízalos** posto que non hai ningunha exposición que se poida considerar segura e ademais, na maioría dos traballos, non se pode asegurar que nunca se vai producir unha exposición accidental.

O uso destes equipos debe restrinxirse ao tempo mínimo necesario e nunca máis de 4 horas diarias. Haberá que prever as pausas necesarias en función da carga física de traballo e das condicións meteorolóxicas.

O protector elixido debe posuír marcación CE e proporcionar un grao de protección adecuado. É moi importante que se axuste o operario, xa que a eficacia das pezas faciais (pezas faciais auto-filtrantes, máscaras completas e semimáscaras) depende, en boa medida, do ben axustada que estea a máscara á pel do usuario, e que sexa o adecuado para o traballo que se vai realizar.

Con independencia do tipo de equipo ao que se lle ensamble, o filtro de elección sempre debe ser un filtro contra partículas de grao 3 (código FFP3 ou P3), (UNE-EN 143:2001, UNE-EN 149:2001). En función do grao de contaminación e a duración dos traballos prevista recorrerase a equipos filtrantes dependentes ou ben independentes do ambiente.

A Guía Técnica do INSHT para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición ao amianto, ofrece información, tanto referente ás características dos diferentes protectores respiratorios como ao seu uso recomendado e pautas a seguir en relación ao tempo de utilización (comentarios da Guía ao artigo 8 e apéndice 4).

O traballador debe saber ademais como ten que limpar o equipo para asegurarse da súa adecuada descontaminación.

Roupa de protección

As fibras de amianto que penetran na pel ou no pelo non son facilmente eliminables cunha ducha, polo que haberá que evitar que o corpo entre en contacto con elas; deste xeito elimínase ademais a posibilidade de que o persoal leve a contaminación con amianto ao seu propio fogar.

É obrigatorio utilizar roupa de protección no interior das instalacións e substituíla por roupa de rúa antes de abandonar o centro de traballo. Esta roupa debe impedir a penetración de partículas sólidas en suspensión.

Unha roupa válida para o traballo con amianto é a que está clasificada, en relación á indumentaria de protección fronte a contaminantes químicos, como de Tipo 5 “impermeable a partículas”, segundo a normativa europea (UNE-EN ISO 13982-1:2004). No tocante ás súas características, debe ser un buzo con capucha e con axuste nos nocellos e nos pulsos e unha resistencia ao desgarrado acorde co tipo de traballo que se vaia realizar. Pode ser desbotable (preferírase) ou reutilizable. A desbotable tratarase como un residuo máis de amianto, a reutilizable debe permitir unha adecuada limpeza para a súa descontaminación. A Guía Técnica do INSHT para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición ao amianto ofrece información a este respecto (comentarios ao artigo 9 e apéndice 4).

É importante ademais usar botas impermeables, que se limpan facilmente ao seren lisas e sen cordóns, e guantes tamén impermeables e coa axeitada resistencia mecánica.

UNHA VEZ REMATEN OS TRABALLOS

Logo de evacuar todos os residuos que conteñan amianto hai que facer unha adecuada **limpeza** da zona de traballo para asegurar a súa total descontaminación. Deberanse limpar tanto as superficies como as ferramentas/equipos utilizando un aspirador de clase H e/ou trapos húmidos. A limpeza

deberá ser máis minuciosa en aqueles traballos que xeraren maior contaminación e poderá incluso ser necesario facer unha medición final que asegure a correcta descontaminación da zona.

De igual xeito que ao remate de cada xornada hai que facer unha **descontaminación persoal**, in-



cluindo a limpeza ou eliminación (no caso de que sexan desbotables) axeitada dos EPIS e a roupa de traballo utilizados.

XESTIÓN DO AMIANTO COMO RESIDUO PERIGOSO

O amianto debe ser considerado como residuo perigoso segundo a definición recollida na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos que é a norma básica estatal nesta materia e tal e como tal figura na "Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro de 2002, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos".

O titular da actividade que xera residuos de amianto está considerado como produtor de residuos perigosos e como tal está sometido a diferentes obrigas

segundo sexa considerado legalmente pequeno produtor (menos de 10.000 Kg/ano), ou produtor (máis de 10.000 Kg/ano) de residuos perigosos.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible dispón dun portal, chamado SIRGa, no que se ofrece a información relacionada coa xestión de residuos en Galicia así como a posibilidade de realizar vía telemática diferentes trámites administrativos aos produtores e xestores de residuos. <http://sirga.medioambiente.xunta.es/index.html>

LEMBRA QUE:

- Ningún traballador pode estar exposto a unha concentración de amianto no aire superior ao valor límite ambiental de exposición diaria (VLA-ED) de 0,1 fibras/cm³ e nunca a unha concentración superior a 0,5 fibras/cm³.
- Antes de comezar os traballos hai que avaliar o risco para poder concretar as medidas preventivas e deseñar os procedementos de traballo que se van empregar. Todo isto débese reflectir no plan de traballo.
- O empresario ten que asegurar que os traballadores reciben a información e formación necesaria especificada nos artigos 13 e 14 do RD 396/2006.
- Debe garantirse a adecuada vixilancia da saúde dos traballadores seguindo o protocolo establecido polo Ministerio de Sanidade e Consumo para o amianto.
- Débense seguir estritamente os procedementos de traballo deseñados e adoptando todas as medidas técnicas e organizativas e de hixiene persoal que recolle o RD 396/2006 para eliminar ou reducir ao mínimo posible a exposición.
- É obrigatorio utilizar EPIS para as vías respiratorias sempre que se sospeite que se pode superar o valor límite ambiental e recoméndase utilízaos sempre. O filtro do equipo (con independencia do modelo seleccionado), será un filtro contra partículas de grao 3 (código FFP3 ou P3).
- O amianto está considerado como residuo perigoso e débese xestionar segundo a lexislación vixente nesta materia.

NORMATIVA

- Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos. Boletín Oficial del Estado (BOE núm. 278 do 20 de novembro de 1989). <http://www.boe.es/boe/dias/1989/11/20/pdfs/A36363-36365.pdf>
- Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo. Boletín Oficial del Estado (BOE núm. 124 do 24 de maio de 1997). (Modificado polo RD 1124/2000 e polo RD 349/2003). <http://www.insht.es/portal/site/Insht/menuitem.1f1a3bc79ab34c578c2e8884060961ca/?vgnextoid=15f54344952d5110VgnVCM100000dc0ca8c0RCRD&vgnnextchannel=ff3cc6b33a9f1110VgnVCM100000dc0ca8c0RCRD&tab=tabConsultaCompleta>
- Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual. Boletín Oficial del Estado (BOE núm. 140 do 12 de maio de 1997 http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Normativa/TextosLegales/RD/1997/773_97/PDFs/realdecreto773199730demayosobredisposicionesminimasdese.pdf
- Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos. Boletín Oficial del Estado (BOE núm. 96 do 22 de abril de 1998). http://www.boe.es/boe_gallego/dias/1998/06/15/pdfs/A00048-00059.pdf
- Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (LER). Boletín Oficial del Estado (BOE núm. 43 DO 19 de febreiro de 2002). http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2002/03/01/pdfs/A00439-00459.pdf
- Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto. Boletín Oficial del Estado (BOE núm. 86 do 11 de abril de 2006). http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2006/05/01/pdfs/A00781-00795.pdf

BIBLIOGRAFÍA

- GONZALO, M; ARROYO, M; CAMPORRO, J.C.; ZUFÍA, G; VICENTE, J.A. Amianto y salud. Monográfico sobre amianto (2001). Fundación Laboral de la Construcción del Principado de Asturias. http://www2.flcnet.es/descargas/amianto_monografico.pdf
- Programa Integral de vigilancia de la salud de los trabajadores que han estado expuestos a amianto y protocolo de vigilancia sanitaria específica (Revisión 2003). Comisión de Salud Pública. Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud. Ministerio de Sanidad y Consumo. <http://www.msc.es/ciudadanos/saludAmbLaboral/saludLaboral/vigiTrabajadores/home.htm>
- Guía de buenas prácticas para prevenir o minimizar los riesgos del amianto en los trabajos en los que esté presente (o pueda estarlo), destinada a empresarios, trabajadores e inspectores de trabajo. Comité de altos responsables de la inspección de trabajo (SLIC). COMISIÓN EUROPEA. Dirección General de Empleo, Asuntos Sociales e Igualdad de Oportunidades (2006). http://www.mtas.es/itss/web/Sala_de_comunicaciones/Noticias/Archivo_Noticias/2006/09/04.html
- Límites de exposición profesional para axentes químicos en España. Documento 2008. Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/TextosOnline/Valores_Limite/GT-LEPN024-07%20VLA%202008%20negro_2.pdf
- Guía Técnica para la evaluación y prevención de los riesgos relacionados con la exposición al amianto (RD 396/2006). Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (2008). <http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Normativa/GuiasTecnicas/Ficheros/Guía%20Técnica%20Exposición%20al%20Amianto.pdf>